



CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DO PLENO DA CORPORACIÓN, REALIZADA O 18 DE DECEMBRO DE 2019

Alcalde-Presidente:

D. Carlos Ladra Brage

Concelleiros/as;

D^a. Concepción Rodríguez Ferreiro (Gr.Socialista)

D^a. Diana M^a. Rodríguez Fernández(Gr.Socialista)

D. Iago Varela Martínez (Gr. BNG)

D^a. Paula González Grueiro (Gr. BNG)

D^a. María Eva García Amor (AEC-Gr.Mixto)

D^a. Elena María Arias Martínez (Gr Popular)

D. Manuel González López (Gr. Popular)

D. Javier Fernández Brage (Gr. Popular)

D^a.M^a. José Bouza Varela (Gr. Popular)

D. Xosé Manuel Pérez Sardiña (En Marea-Gr.Mixto.

No salón de sesións da Casa do Concello de Cabanas, sendo as dezasete horas do día dezaioito de decembro de dous mil dezanove, reúnen-se en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, Carlos Ladra Brage, os señores/as concelleiros/as que se relacionan á marxe, ao obxecto de realizar sesión extraordinaria do Pleno da Corporación, coa asistencia da Secretaria-Interventora accidental, dona Susana Fernández Muiño, que da fe do acto.

Secretaria-Interventora accidental:

D^a. Susana Fernández Muiño

Unha vez comprobada a existencia de quórum para a válida constitución do Pleno, o Sr. Presidente declara aberta e pública a sesión, e procédese a tratar os asuntos incluídos na Orde do Día.

1. Pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da sesión.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, xustifica a urxencia da sesión pola necesidade de subir a documentación dos proxectos incluídos no POS+2020 á Plataforma da Deputación Provincial da Coruña ao día seguinte, adiantando a sesión do Pleno a efectos de evitar imprevistos que podan xurdir, abrindo a continuación a quenda de intervencións.

Non existindo intervencións ao respecto o Sr. Alcalde somete a votación a aprobación da urxencia da sesión, resultando once votos a favor dos representantes do Grupo Popular, Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleiros de AEC e EM (Grupo Mixto), sendo aprobada por unanimidade.

2. Proposta do Plan Provincial de Cooperación ás obras e Servizos de Competencia Municipal, Plan Único Concellos, POS+2020.

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que expón a proposta incluída no expediente administrativo, achegada coa notificación da convocatoria da sesión do Pleno:

Proposta de obras a incluír no Plan Provincial de Cooperación ás obras e servizos de competencia municipal, Plan Único Concellos, POS+2020, da Deputación Provincial da Coruña, que se distribúe da seguinte forma:





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

FINANCIAMENTO GASTO CORRENTE.

Achega provincial 2020 aplicada ao financiamento de gastos correntes	Importe: 55.037,61 €
--	----------------------

FINANCIAMENTO DE INVESTIMENTOS

ACHEGA PROVINCIAL 2020	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Reparación de Camiños Municipais: Barreiras, Travesía da Barrosa e Camiño de Xicos	70.562,31 €	0,00 €	70.562,31 €
Total achega provincial 2020	70.562,31 €		

ACHEGA PROVINCIAL 2019	Financiamento do investimento		
	Deputación	Concello	Orzamento total
Reparación Camiño Municipal: Lavandeira	30.396,33 €	0,00 €	30,396,33 €
Total achega provincial 2019	30.396,33 €		

PLAN COMPLEMENTARIO 2020

Denominación dos investimentos financeiramente sostibles	Orzamento
Reparación de Camiño Municipal: Camiño de Chamoso	72.368,27 €
Reparación de Camiño Municipal: Rúa Corredoira da Igrexa e Camiño do Río	45.513,25 €
Ampliación e mellora do aparcadoiro da Escola Laica	38.018,85 €
Total	155.900,37 €

A documentación dos proxectos foi remitida para a Comisión Informativa e para o presente Pleno, sendo ditaminada dita proposta favorablemente na Comisión Informativa de Urbanismo, Obras e Servizos, celebrada en data 17 de decembro de 2019.

Rematada a intervención da Secretaria-Interventora accidental, o Sr. Alcalde abre unha primeira quenda de intervencións.

O concelleiro de En Marea, Sr. Pérez Sardiña, manifesta que van a aprobar as propostas, xa que consideran que os camiños municipais precisan de actuacións necesarias, pero botan en falta que non exista ningunha obra na presente proposta de saneamento e abastecemento, solicitando a súa inclusión para vindeiros plans .





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, manifesta que desde o Grupo Popular entenden que todas estas actuacións son necesarias e votarán a favor.

Solicita unha aclaración en relación á obra da Travesía da Barrosa, xa que teñen dúbidas respecto ás competencias. Dende o ano 2014 figura como competencia municipal, sen embargo co anterior Secretario-Interventor, non se nos permitía facer obras de mellora porque comentaba que era competencia de Fomento.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, aclara que a Travesía da Barrosa é a que conecta co Camiño da Barrosa, tratándose dun tramo que hai sen pavimentar, que non é de competencia de Fomento.

A concelleira do Grupo Popular, Sra. Arias Martínez, reitera que cada vez que intentaron facer algunha actuación aí se nos dicía que era tema de Fomento.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, manifesta que o arquitecto municipal non puxo ningún reparo ao respecto.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre unha segunda quenda de intervencións.

O concelleiro de En Marea, Sr. Pérez Sardiña, manifesta que en relación a esa dúbida o arquitecto municipal subscribe que é necesario ter autorización de Fomento dalgunhas obras, e este viario vai desembocar á N-651. Se hai algunha cuestión xa comunicará Fomento que non se pode facer, modificarse ou incluírse algunha das obras que están a continuación.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, manifesta que o camiño linda coa N-651, pero a parte que se vai reparar non ten afección; hai que pedir autorización porque o camiño si que está afectado, pero a parte que se vai a reparar non, polo que en principio non ten porque haber problema.

A concelleira de AEC (Grupo Mixto), Sra. García Amor, aclara que o Camiño da Barrosa si que sae á nacional e hai un tramo que é de Fomento; a Travesía é outra, que se mete á dereita, baixando, e sae outra vez á nacional, case a Cardeita.

De seguindo, o Sr. Alcalde somete a votación da proposta, resultando once votos a favor dos representantes do Grupo Popular, Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleiros de AEC e EM (Grupo Mixto), sendo aprobada a proposta por unanimidade.

3. Proposta mutuo acordo para a extinción do convenio de colaboración entre a entidade pública Augas de Galicia e os Concellos de Pontedeume e Cabanas para a execución de actuación de melloras no saneamento de Cabanas e Pontedeume. Fases II e III, cofinanciada pola Unión Europea a través do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) nun 80%, no Marco do Programa Operativo Feder Galicia 2014-2020.

O Sr. Alcalde dá a palabra a Secretaria-Interventora accidental que expón que este terceiro punto da orde do día trata da proposta de mutuo acordo para a extinción do convenio de colaboración entre a entidade pública Augas de Galicia e os Concellos de Pontedeume e Cabanas para a execución de actuación de melloras no saneamento de Cabanas e





CONCELLO DE CABANAS (A CORUÑA)

Pontedeume. Fases II e III, motivado por certos impedimentos para executar ditas obras na parte correspondente ao Concello de Pontedeume, requirindo Augas de Galicia a este Concello para a adopción da presente proposta; achegouse así mesmo coa notificación da convocatoria da sesión do Pleno a proposta de extinción remitida por Auga de Galicia, así como Informe de Secretaría-Intervención.

O Sr. Alcalde, Ladra Brage, informa que este convenio se extingue por un Informe negativo de ADIF, que imposibilita a Fase I, polo cal Augas de Galicia solicita a extinción de mutuo acordo do convenio subscrito para posteriormente asinar un novo Convenio de Colaboración entre a entidade Augas de Galicia e o Concello de Cabanas.

De seguido o Sr. Alcalde, Ladra Brage, abre a quenda de intervencións.

Non existindo intervencións ao respecto, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta, resultando seis votos a favor dos representantes do Grupo Socialista, Grupo BNG e concelleira de AEC (Grupo Mixto), cinco abstencións, dos representantes do Grupo Popular e concelleiro de En Marea (Grupo Mixto) e ningunha abstención, quedando aprobada dita proposta.

A continuación a Presidencia levanta a sesión, sendo as dezasete horas e dez minutos, da cal estendo a presente acta, a cal se une como Anexo a gravación sonora, e do que eu como Secretaria accidental, dou fe.

Vtº e praxe.
O Alcalde,

A Secretaria accidental

